



**Oficina de Cooperación
e Voluntariado** Universidade
da Coruña



Vicerreitoría do Campus de Ferrol
e Responsabilidade Social
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2024



OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e
Responsabilidade Social

A CORUÑA

Facultade de Socioloxía, 1.º
Campus de Elviña
15071 A Coruña
Tel. 981 167 000
www.udc.gal/ocv

Director J. Jesús Cendán Verdes
Extensión: 1334
jesus.cendan.verdes@udc.gal

Persoal técnico
Lorena Rilo Pérez
Extensión: 1752
ocv@udc.gal

FERROL

Centro Cultural Universitario, 1.º
Campus de Esteiro
15403 Ferrol

Persoal técnico
María Isabel López Amor
Extensión: 3677
ocvfer@udc.gal

*Documento redactado por
Lorena Rilo Pérez e
María Isabel López Amor*

*Maquetada por
María Isabel López Amor*

01

INTRODUCCIÓN

02

COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD)

Proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC)

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Bolsas para persoas refuxiadas (Abriga UDC)

Actividades coas ONG de desenvolvemento

03

VOLUNTARIADO

Menores

Exclusión social

Inmigración/refuxio

Ámbito sociosanitario

Diversidade funcional

Educación para o desenvolvemento

Actividades con outras entidades de acción social

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

04

APRENDIZAXE E SERVIZO

05

FORMACIÓN

Asistentes a cursos de formación no ano 2024

Outras actividades formativas e de sensibilización

Participación en redes

Sinerxías con outras universidades

Comunicación

0

INTRODUCCIÓN

1

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é o servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da Universidade da Coruña (UDC). Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC. Así mesmo, ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

A OCV depende da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e ten cadansúa oficina nos campus da Coruña (Elviña) e Ferrol (Esteiro). Durante 2024 contou cos seguintes recursos humanos: dúas técnicas especialistas nas oficinas de Coruña e Ferrol, ademais do director do servizo. O equipo complementouse coa chegada de alumnado bolseiro no campus da Coruña e alumnado en prácticas do grao en Educación Social, tanto de terceiro como de cuarto curso.

0

COOPERACIÓN PARA O 2 DESENVOLVEMENTO

Enténdese a cooperación para o desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico ten un papel importante.

Código de conduta das universidades en cooperación para o desenvolvemento, 2006

En 2024 viron a luz a XII Convocatoria do programa de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social destinadas ao conxunto da comunidade universitaria da UDC, a XVII Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade (PCR) e a XII Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC).

Tamén seguimos a recompilar datos para a enquisa sobre o apoio oficial total para o desenvolvemento sustentable (TOSSD), que lle remitimos anualmente ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; e asinamos o novo convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e as universidades do SUG para o proxecto de consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) 2020-2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), que veremos máis polo miúdo no apartado específico dedicado á RGCUD.

ACCIÓNS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, A SENSIBILIZACIÓN E A PARTICIPACIÓN SOCIAL (EPD)

Publicouse a XII Convocatoria de accións de educación para o desenvolvemento, a sensibilización e a participación social (EPD), co obxectivo de apoiarmos aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria á procura de lles dar pulo aos valores da cidadanía global, á busca dun novo modelo humano comprometido cos ODS, a erradicación da pobreza e a igualdade de xénero, entre outros fins.

Na edición de 2024 presentouse un total de sete proxectos, en que unicamente tivo representación o PDI da UDC. A seguir, facemos un resumo de cada un deles.

Comunicación nas redes sociais e merchandaxe creada por persoas con diversidade funcional

Jakson Renner Rodrigues Soares

Profesor axudante doutor da Facultade de Turismo

Neste proxecto de APS tratouse de aplicar os coñecementos teóricos da materia de Economía da Empresa do 1.º curso do grao de Turismo nunha situación real con persoas con diversidade funcional. O obxectivo xeral foi ofrecer solucións a problemas identificados nas reunións con profesionais e persoas usuarias de ASPACE, canto á necesidade mellorar a accesibilidade destas aos espazos de ocio, amais de buscar unha mellor divulgación das obras creadas nos obradoiros de cerámica da asociación e dos seus resultados.

Para iso, houbo dous obradoiros con profesionais con vínculo co proxecto: sobre sistemas alternativos de comunicación e sobre a creación de contidos e a comunicación nas redes sociais.



Contribúe a un mundo mellor. Ti tamén podes

María Mercedes Teijeiro Álvarez

Profesora contratada doutora da Facultade de Economía e Empresa

Co fin de incrementar a sensibilización e a participación do alumnado nas actividades de voluntariado da nosa universidade, propúxose unha acción de APS en que parte dos e das estudantes participasen como persoal voluntario en distintas ONGD, mentres o resto estudaba as diferentes ONGD con que colabora a UDC por medio da OCV e analizaba as estratexias de comunicación e os incentivos que o conxunto destas entidades estaba a empregar.

Este segundo bloque do estudantado propuxo despois diferentes estratexias para desenvolver a Xornada de Presentación do Voluntariado que tivo lugar o xoves 25 de abril na Facultade de Economía e Empresa. Entre as suxestións atopábase a de promover o evento a través dunha campaña de comunicación no Instagram do PAT, na web do centro e nas súas pantallas, así como tamén o deseño de carteis, bolígrafos e pulseiras para regalar ás persoas asistentes ao evento.



Instalación sonora «Viaxe espacial»: unha experiencia creativo-sensorial con nenos/as de Educación Infantil

Vicente Castro Alonso

Profesor substituto na Facultade de Ciencias da Educación



O alumnado do grao en Educación Infantil deseñou, construíu e dinamizou unha experiencia sensorial sonora para crianzas de 0-6 anos na Aula de Música da Facultade de Ciencias da Educación. É unha experiencia que formou parte dun programa de APS que pulou parte do profesorado da materia optativa de Pedagogía da Expresión Musical, en aliñamento co ODS 4, educación de calidade.

O público destinatario deste proxecto foi o alumnado dos seguintes centros: CEIP San Pedro de Visma, CEIP Wenceslao Fernández Flórez, CEIP Pluriligüe Manuel Murguía, CRA de Culleredo, Escola Infantil Pequerrechos e ASPANAES.

APS nas prácticas de Dereito

María del Carmen Garcimartín Montero

Catedrática de universidade da Facultade de Dereito



Por terceiro ano consecutivo organizáronse as Xornadas de Formación da Clínica Xurídica, cunha dobre finalidade: ampliar os coñecementos do persoal que participa nos distintos programas de APS que alí se desenvolven e divulgar tales iniciativas entre estudantes e docentes da UDC. Tiveron lugar os días 17 e 18 de outubro de 2024 na Facultade de Dereito e asistiron, ademais das persoas titoras académicas, persoal das entidades colaboradoras, futuro alumnado e profesorado doutras facultades con interese na Clínica Xurídica. Como esixe a convocatoria, tratouse dunha actividade gratuíta e de acceso libre.

En 2024 leváronse a cabo os proxectos previstos no Centro Penitenciario de Teixeira, en Cáritas, no Consorcio das Mariñas e na Fundación Paideia. En total participaron 11 estudantes da Facultade de Dereito.

Produtos de apoio para a vida diaria. Unha proposta creativa, sostible e accesible


Thais Pousada García

Profesora titular de universidade da Facultade de Ciencias da Saúde

Esta actividade contou coa participación activa do alumnado do grao en Terapia Ocupacional, xunto cun grupo de estudantes de 4.º curso do CEIP Curros Enríquez da Coruña. Nas súas prácticas de laboratorio, deseñaron e crearon produtos de apoio de baixo custo, segundo as necesidades identificadas en persoas con discapacidade. Con eles fíxose unha exposición aberta a todo o público

interesado que permitiu visualizar e difundir o potencial destes produtos como promotores da autonomía persoal, no marco da cal se organizou unha xornada con charlas divulgativas gratuítas sobre o tema. Estes eventos realizáronse en xuño e setembro, no Espazo Amizar e na Facultade de Ciencias da Saúde.

As persoas beneficiarias directas destas actividades foron as usuarias das entidades que traballan en materia de discapacidade na cidade da Coruña, pero indirectamente tamén se destinaron ás súas familias, e todas as persoas asistentes e o alumnado implicado no proxecto se viron beneficiados dunha acción formativa vinculada á metodoloxía da APS e de concienciación cidadá.



Tecnoloxía e sociedade TUTIC

Paula María Castro Castro

Profesora titular de universidade da Facultade de Informática

Esta actividade fíxose na materia de Tecnoloxía para Profesorado de ESO do Mestrado Universitario en Profesorado de Secundaria da UDC, que se imparte na Facultade de Ciencias da Educación, co fin de que o estudiantado adquirise as súas competencias cun servizo á sociedade. Así, botáronse a andar proxectos tecnolóxicos con que se quixo atender necesidades e mais gustos de persoas con diversidade funcional e cognitiva de entidades da contorna da UDC.



Promoveuse o software libre, polo que antes do comezo do curso tivemos que provernos do material funxible necesario (kits de Arduino e sensorización, pancas de mando...). Tamén cumpriu elaborar un manual de referencia ao cal docentes e estudantado puidesen acudir en caso de dúbida. Así mesmo, houbo dous seminarios con profesionais das entidades colaboradoras, que ofreceron información sobre a problemática de quen ten diversidade funcional e cognitiva. De acordo co calendario académico, TUTIC foi unha acción de APS que se levou a cabo en novembro de 2024. Culminou cunha feira de tecnoloxía a que acudiron persoas usuarias e profesionais das entidades colaboradoras, xa en xaneiro de 2025.

As mulleres migrantes nas artes escénicas en Galicia.

Experiencias compartidas e propostas de intervención

Antía Pérez Caramés

Profesora contratada doutora da Facultade de Socioloxía

Encontro de mulleres identificadas a través do mapeamento das mulleres migrantes residentes en Galicia implicadas na música e outras artes escénicas, aínda en curso, que irá dar como froito no futuro un directorio que as visibilice e facilite a súa actividade. Nel participaron tamén representantes de entidades asociativas e do ámbito da programación musical, polo que facilitou igualmente a creación de redes. Foi obxectivo do encontro facer un diagnóstico participativo que recolle as potencialidades, os problemas e as necesidades deste colectivo difuso.



PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO (PCC)

No ano 2024 publicouse a XII Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación para o desenvolvemento (PCC), destinada ao PDI e PTXAS da UDC. A convocatoria estivo dotada con 7000 € e presentáronse a ela dous membros do PDI.

Antía Pérez Caramés, *profesora contratada doutora da Facultade de Socioloxía*

Traballou no proxecto denominado «Mulleres á fronte desde o sur global. Investigación e intervención participativa en materia de desenvolvemento e igualdade a través da música», que se desenvolveu en diversas localidades do municipio de Ribeira Grande de Santiago, na illa de Santiago (Cabo Verde) en colaboración coa ONGD Ecos do Sur e a Universidade de Cabo Verde.

«Mulleres á fronte» é unha chiscadela de ollo á famosa chamada *Girls to the front!* do movemento punk feminista *Riot grrrl*, para que as mulleres ocupasen nos concertos os escenarios e a parte frontal, de onde en tantas ocasións foran afastadas. Trátase dunha complicidade que non é unicamente retórica: este proxecto utiliza prácticas que se botaron a andar desde o feminismo, especialmente desde o movemento punk feminista, a prol dun apoderamento crítico e subversivo baixo o marco xeral do «faino ti mesma»: o fanzine, a autoprodución e a formación musical.

Canto ao seu marco teórico, o proxecto asenta nos estudos críticos do enfoque de xénero no desenvolvemento, así como nas achegas sobre o papel do patrimonio cultural no desenvolvemento socioeconómico e nos estudos culturais (a socioloxía da música e a musicoloxía feminista). A súa formulación é de investigación-intervención, cunha forte dimensión participativa, a través da música como un diálogo de saberes e experiencias xenealoxicamente situados para compartiren as voces subalternizadas das mulleres do sur global.

O foco ponse nas mulleres vinculadas coa música e outras artes escénicas, con base na potencialidade das artes en canto ferramentas de intervención para transformar a sociedade. Inspírase na experiencia do grupo de mulleres de orixe caboverdiana Batuko Tabanka, de Burela, e no xénero musical do *batuko*, tradición cultural na illa de Santiago, onde existen decenas de grupos de mulleres unidas pola súa práctica, que se encontra nun proceso de estudo e valorización institucional. Esta experiencia, situada no sur global, servirá como referencia para identificar, no colectivo de mulleres migrantes en Galicia, aquelas relacionadas coa creación e transmisión musical.

O proceso investigador e de intervención conta cunha primeira fase de mapeamento que terá lugar de xeito simultáneo en Cabo Verde e Galicia. En Cabo Verde usarase a técnica da recollida (como no caso da música tradicional galega) para crear unha base de datos de grupos de *batukadeiras* nas localidades do municipio de Ribeira Grande de Santiago. Do mesmo xeito, en Galicia buscaranse mulleres migrantes implicadas na música (de maneira profesional ou amadora, e como cantantes, instrumentistas, compositoras...) e outras artes escénicas, co fin de crear unha cartografía que as identifique e recolla as súas experiencias e propostas.

Sandra Martínez Costa, profesora contratada doutora da Facultade de Ciencias da Comunicación

O proxecto en que participou, da ONGD África Sawabona, denomínase «[Misión sanitaria País Bassari 2024](#)». O seu obxectivo foi colaborar na gravación das actividades que realiza entre a poboación bassari a ONG e no rexistro por escrito e audiovisual de testemuños que se empregarán na súa comunicación vía web e redes sociais. Ese material será tamén útil en memorias anuais ou actos e eventos para promover as súas accións (fotografías, entrevistas, reportaxes de vídeo etc.). Preveuse, de igual xeito, a posibilidade de gravar unha serie de entrevistas e outros materiais para preparar un pequeno documental sobre a vida da comunidade senegalesa en Galicia en contraposición á vida desta poboación no seu país de orixe.

PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora cunha ONGD a posibilidade de desprazarse a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación dun a tres meses. O traballo que se desenvolve pode ser validado por proxectos de fin de carreira, proxectos de fin de mestrado, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira. Alén disto, participar nun PCR é unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática que se escolle, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que, logo de regresar, o alumnado se compromete a participar en charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia.

No 2024 publicouse a XVII Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 14 246 €, para financiar os gastos da viaxe ao país de destino e o correspondente seguro, así como os de xestión e coordinación da actividade (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse os sete proxectos que resumimos deseguido.

Victoria Reinoso Fernández, estudante do Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, viaxou ao Salvador, ao golfo de Fonseca en concreto, con Axuda en Acción. O proxecto en que colaborou busca prever a violencia contra a infancia e protexer o dereitos humanos de nenos/as en contextos de risco, a facer fincapé na prevención da violencia sexual e os embarazos en nenas e adolescentes para fortalecer o sistema de protección da nenez e adolescencia.



O seu labor consistiu en axudar na realización de xornadas de formación sobre dereitos sexuais e reprodutivos coas nenas e adolescentes da área, a través de dinámicas lúdicas e obradoiros participativos e cocreativos. Tamén participou na sensibilización e o apoio a pais, nais e titoras/es no tocante a hábitos saudables e crianza positiva, a través da posta en marcha de escolas sociodeportivas en que se usa o deporte como medio para promover hábitos saudables, valores e relacións igualitarias entre as nenas e os nenos das comunidades.

Eloi Fernández Ramos é estudante do Máster Universitario en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas. Fixo a súa estadía en Guatemala, coa ONG Solidariedade Internacional de Galicia, no proxecto de fortalecemento das capacidades de organizacións da sociedade civil e comunitarias involucradas na promoción e protección do dereito das mulleres maias a unha vida libre de violencias na zona norte, centro, occidente e oriente de Guatemala.

Para isto, xéranse e difúndense recursos para facer un adecuado acompañamento de mulleres maías sobreviventes de violencia, con pertinencia cultural; refórzanse organizacións locais que traballan na defensa e a promoción dos dereitos humanos; e apóianse os liderados comunitarios para pular unha vida libre de violencia, mediante a formación de terapeutas sociais que traballen por transformar a sociedade.



Cristina Carreira Menéndez é estudante do grao en Educación Social e técnica de animación sociocultural e turística. Viaxou a Honduras coa ONG Solidariedade Internacional de Galicia, da man de Sur en Acción. O proxecto en que colaborou durante dous meses trata principalmente de impulsar formas de vida resilientes que contribúan ao benestar de 25 comunidades rurais do municipio de San Marcos de Colón, no departamento de Choluteca. Esta proposta, a través dun enfoque integral, pretende ofrecer estratexias e solucións para que, de maneira progresiva, estas comunidades poidan gozar dos seus dereitos en particular en materia de seguridade e saúde alimentaria.

Isabel M.ª Martínez Carrillo é alumna do Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, ademais de traballadora social. Desenvolveu o seu proxecto da man de Solidariedade Internacional de Galicia en Bolivia. O proxecto en que participou busca emendar baleiros na protección das mulleres, nenas e adolescentes do maior eixe poboacional de Bolivia, nos eidos priorizados polos colectivos que conforman e/ou con que traballa a entidade Mulleres Creando, con vistas a contribuír á eliminación das barreiras de acceso aos seus dereitos. O proxecto ten dous piares fundamentais: dun lado, fortalecer as accións de loita contra a violencia cara ás mulleres; e, do outro, crear espazos de reflexión, xeración e difusión de coñecemento e pensamento feminista, como base esencial para transformar a sociedade patriarcal.

Sandra Lorenzo Casado é actualmente estudante do Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria e traballadora social. Este verán fixo unha estadía PCR no sur de Honduras, en San Lorenzo, da man de Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia (ESF), co Comité para a Defensa e o Desenvolvemento da Flora e Fauna do Golfo de Fonseca como socio local. En concreto, formou parte do proxecto de educación para a cidadanía global, onde traballou con base na iniciativa «Mulleres Bravas», en que tamén colabora Amigas da Terra, de apoderamento e revaloración dos saberes e resistencias das mulleres defensoras do territorio. De paso, recolleu datos para o seu TFM. Estes meses foron unha grande oportunidade para poder deconstruír a súa colonialidade e impregnarse doutros saberes técnicos e populares do sur global.

Ana Rodríguez Pérez é estudante do Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria na especialidade de Xénero e educadora social. Viaxou a Honduras da man de Sur en Acción e Solidariedade Internacional de Galicia. O proxecto en que embarcou trata de impulsar formas de vida resilientes que contribúan ao benestar de 25 comunidades rurais do municipio de San Marcos de Colón, no departamento de Choluteca. Esta proposta, a través dun enfoque integral, pretende ofrecer estratexias e solucións para que, de maneira progresiva, estas comunidades poidan gozar dos seus dereitos en particular en materia de seguridade e saúde alimentaria.



Stephanie Lorenzo Riverol, estudante do grao de Educación Social, viaxou a Honduras co proxecto «Sta. Clara, Sta. Teresa, Virxe de Suyapa e Santa María» da Fundación ACOES, cuxo obxectivo é garantir o acceso á educación de nenos e nenas en situación de pobreza extrema, ofrecendo unha formación integral e gratuíta desde preescolar ata bacharelato. Durante os dous meses de PCR, colaborou, así mesmo, noutras accións de ACOES, que aborda a diminución das desigualdades en Honduras e busca promover a paz, a xustiza, os dereitos e o desenvolvemento integral das poboacións máis desfavorecidas, priorizando a infancia, a mocidade e as persoas discapacitadas.

BOLSAS PARA PERSOAS REFUXIADAS (ABRIGA UDC)

A UDC adheriuse ao programa Rapid Response Mechanism for Higher Education in Emergencies, da Organización das Nacións Unidas, para lles facilitar a realización de estudos universitarios ás persoas solicitantes de protección internacional. No ano 2019 asinou un convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española para a preselección de quen que puidese cumprir os requisitos e desexase continuar os seus estudos na UDC, e, a partir dese ano, fóronse sumando novas entidades a esta iniciativa, sobre todo a través das traballadoras sociais dos distintos concellos de Galicia.

En 2024 publicouse a III Convocatoria de axudas a estudantado refuxiado ou solicitante de protección internacional (Abriga UDC), que beneficiou a catorce estudantes de diferentes titulacións oficiais. Cabe sinalarmos que se lle concedeu axudas para material a doce delas e dúas obtiveron aloxamento na Residencia Pública Universitaria Elvira Bao.

ACTIVIDADES COAS ONG DE DESENVOLVEMENTO

Unha das prioridades da Área de Cooperación para o Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia, en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración implica realizar actividades conxuntas; labores de sensibilización e de EpD a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a

difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos. Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas nosas colaboracións con outras entidades de acción social, que recollemos a continuación.

Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2024 continuáronse as tarefas de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades. Así mesmo, a OCV adheriuse ao proxecto «Defensoras de dereitos», con que se pretende traer a Galicia mulleres defensoras dos dereitos humanos que estean nunha situación de perigo de risco medio ou baixo para brindarlles un tempo de acougo e poder sensibilizar a cidadanía galega co seu traballo. Colaborouse na acollida das primeiras mulleres que estiveron en Galicia e organizouse unha reunión con membros do PDI para intentar buscar sinerxías.

Solidariedade Internacional Galicia

Colaboramos coa dita ONGD na organización de charlas de sensibilización co colectivo Mulleres Creando, amais de participar no proxecto de observatorio para educar na cidadanía global O Globo, a achegar a experiencia do noso Grupo de Voluntariado en Sensibilización. Así mesmo, intervimos en varias formacións sobre cidadanía global.

Ecos do Sur

A OCV está a colaborar coa ONGD Ecos do Sur na preselección de persoas candidatas ás bolsas de estudos para persoas refuxiadas da UDC, polo que cando menos temos unha reunión ao longo do curso académico. Alén disto, a súa técnica de Comunicación colaborou connosco no curso que se imparte para preparar os PCR.

Enxeñaría sen Fronteiras Galicia (ESF)

Durante todo o ano 2024 estivemos a participar no proxecto financiado pola cooperación galega de ESF, en colaboración coa rede Artigo9tech, que leva por nome: «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega».

Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

Todos os anos colaboramos con esta entidade para impartir a formación dos futuros PCR. Encárgase do módulo de introdución á cooperación para o desenvolvemento e do módulo de marco lóxico.

0 VOLUNTARIADO

3

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Durante 2024, os programas de voluntariado propios da OCV ou que esta oficina mantén xunto con outras entidades recuperaron os niveis de participación de alumnado da UDC de anos anteriores.

MENORES

Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto xa continuado é buscar o tratamento individual e igualitario das e dos 40 menores que viven no centro de acollida, a través de actividades lúdicas. Ademais, desde hai un tempo, o centro conta cunha educadora as fins de semana, que colabora tamén nas saídas. En 2024 colaboramos con dúas persoas voluntarias, cada unha nun dos pisos, para poder crear unha burbulla controlada no caso de que xurdise calquera contaxio.

Acción Solidaria de Galicia (Asdegal)

O voluntariado universitario continuou a botar unha man nas actividades que Asdegal organiza para ofrecer apoio socioeducativo a menores de primaria, secundaria e bacharelato cuxas familias se atopan en risco de exclusión social.

Asociación Baltasar Parda

Neste ano, o voluntariado da OCV participou nas aulas de estudo, no apoio educativo e as merendas para menores e adolescentes en situación de risco de exclusión social da zona de Monte Alto.

Fundación Amigó

A Fundación Amigó contribúe á transformación social e individual de persoas excluídas e vulnerables. Actúa principalmente coa infancia e a xuventude en situación de dificultade e coas súas familias, e defende os dereitos humanos e da infancia, traballando a través da intervención socioeducativa e psicosocial. O estudiantado da UDC colaborou nos proxectos da aula de estudo e o apoio educativo para menores e adolescentes.

Fundación Amigonianos

A Fundación Amigonianos fai intervención socioeducativa centrada na persoa no barrio do Portiño, con menores en risco de exclusión social e con mulleres, principalmente de etnia xitana. Neste eido, o estudiantado da UDC participou nos proxectos da aula de estudo e o apoio educativo para menores, así como no proxecto de competencias chave para mulleres xitanas.

Proxecto Lexcit de EDUCO

A Fundación EDUCO é unha ONG de cooperación global para o desenvolvemento e a acción humanitaria. Actúa en favor dos dereitos da infancia, en especial do dereito de nenas e nenos a recibiren unha educación de calidade.

O voluntariado da OCV colabora no programa Lexcit de EDUCO, que ten como obxectivo alentar o éxito educativo a través da mellora da comprensión lectora. O reto deste programa é garantir que o alumnado finalice a educación primaria cun nivel de competencia lectora que asegure o seu desenvolvemento educativo e social.

Aula Intercultural de Apoio Escolar a Menores

Démoslles apoio escolar a menores inmigrantes procedentes do Centro de Menores Ferrol I. Por unha banda, para lles ofrecer un reforzo nos estudos de formación profesional que algúns realizan; e, pola outra, con vistas a conseguiren un mellor manexo das linguas castelá e galega. Así mesmo, para complementar este apoio e favorecer a inclusión social dos menores, lévanse a cabo actuacións puntuais tales como saídas culturais pola cidade de Ferrol.

EXCLUSIÓN SOCIAL

Centro Penitenciario de Teixeiro

A finais do ano pasado puxemos en marcha unha nova liña de colaboración co Centro Penitenciario de Teixeiro, que nos levou a organizar, durante os meses de setembro a xuño distintos obradoiros formativos, entre eles un de economía doméstica e outro de introdución á linguaxe musical.

INMIGRACIÓN/REFUXIO

Aulas de español para persoas estranxeiras

Dous días á semana, ofréceselles un reforzo en lingua castelá ás persoas estranxeiras que queren mellorar as súas competencias lingüísticas con vistas a favorecer a súa inclusión social ou mesmo intensificar a preparación necesaria para obter a nacionalidade española. Este proxecto, que se leva a cabo no Edificio de Apoio ao Estudo no campus de Ferrol, iníciase no mes de outubro e prolóngase ata finais do mes de xuño.

ÁMBITO SOCIO SANITARIO

Acompañamento na área de Saúde Mental do CHUAC

Durante o ano 2024 iniciouse na Área de Saúde Mental do Hospital de Oza, en colaboración con Asdegal, o programa «Paseos polo xardín», que busca acompañar aqueles e aquelas pacientes que non adoitan ter visitas no hospital e facer algunha actividade de ocio.

Acompañamento no Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

O proxecto de voluntariado no Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera da OCV foi galardoado este ano cun dos XI Premios Cogave Crer no Movemento Veciñal, da Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave), nun acto que tivo lugar no mes de novembro no Círculo das Artes de Lugo.

Esta iniciativa, que naceu no ano 1999 en colaboración directa co hospital, ten como obxectivo favorecer o respiro familiar e ofrecerlles acompañamento tanto ás e aos menores como ás persoas coidadoras, a través de actividades lúdicas e de ocio que dinamicen a estada hospitalaria, principalmente na área de lactantes (0-3 anos) e na de escolares (4-16 anos).

DIVERSIDADE FUNCIONAL

Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal

O voluntariado da OCV acode ao local da asociación naronesa para participar en distintas actividades coas persoas usuarias do Centro Ocupacional.

Centro Pai Menni

Durante 2024 continuaron as actividades en que o voluntariado da UDC prestaba apoio presencial, como saídas, videoconferencias coa familia, actividades deportivas...

Asociación Down Coruña

A colaboración con Down Coruña no ano 2024 limitouse a unha fin de semana en que o voluntariado da OCV participou en actividades de ocio e tempo de lecer con menores, para que as súas familias puidesen asistir a un congreso internacional que se organizou na cidade da Coruña.

Asociación Aspronaga

A colaboración coa entidade Aspronaga tamén foi puntual en 2024. Circunscribiuse a unha fin de semana en que o alumnado da UDC prestou a súa axuda na realización de actividades deportivas dentro dos campionatos de deporte adaptado que tiveron lugar na Coruña. Algunhas das persoas voluntarias tamén participaron de xeito esporádico no club de ocio das fins de semana que Aspronaga ten para as súas socias.

MAIORES

Asociación Acción Familiar Ferrol

O voluntariado da OCV colabora con Acción Familiar Ferrol (AFA Ferrol) no desenvolvemento do programa «Tempo de lecer», cuxas beneficiarias son as persoas maiores que alberga a Residencia Mixta de Maiores de Caranza (Ferrol). O seu obxectivo consiste en evitar, ou cando menos mitigar, o sentimento de soidade destas persoas maiores institucionalizadas coa realización de diferentes actividades de ocio e tempo libre.

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

A OCV colabora con Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela no programa de voluntariado «Acompañarte», para o acompañamento de persoas maiores que viven soas na cidade da Coruña. As persoas voluntarias van con elas a visitas médicas, pequenos recados e saídas no tempo de ocio, para paliar a soidade que enfrontan no día a día.

Asdegal

A OCV colabora con Asdegal nun programa de voluntariado similar ao que acabamos de describir en que se traballa con con Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela. Durante 2024 houbo 12 persoas que ligadas a este programa.

EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Grupo de Sensibilización da Comunidade Universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención das compañeiras e dos compañeiros dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social. No ano 2024, desenvolvéronse distintas accións nos dous campus da UDC:

- **Apoio á Rede Acampa.** Este ano financiáronse as viaxes de varias das persoas relatoras que acudiron para impartir conferencias ao longo dos tres días que durou o evento: Houda Akrikez Essatty, Ana Victoria Palacios Rubio, Bruno M. Araluce Couballee, Ismail El Majdoubi, Marta Pérez Fernández, Nicolás Castellano Flores e Celia Regina Rossi. Aproveitouse a presenza desta última para facer unha pequena reunión co grupo de traballo da Facultade de Ciencias da Educación sobre temas de xénero.
- **A iniciativa «Cartografía corporal: dos impactos dos discursos de odio a un lecer compartido»,** coordinada polas docentes Laura Cruz e María Barba, recibiu este ano o Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que promove a Coordinadora Galega de ONGD. Esta iniciativa ten como obxectivo recoñecer experiencias educativas transformadoras que fomenten unha cidadanía solidaria, crítica e comprometida coa construción dun mundo xusto.
- **Bulómetro sobre saúde mental**

Coincidindo co Outubro Saudable da UDC, o Grupo de Sensibilización da OCV fixo unha pequena dinámica na Facultade de Ciencias da Educación (campus da Coruña) e na Facultade de Enfermaría e Podoloxía (campus de Ferrol) coa finalidade de lle dar a coñecer á comunidade universitaria os falsos mitos, crenzas ou estereotipos que existen sobre a saúde mental.


- **Semana Europea da Prevención de Residuos**



Este ano 2024, co lema «O bo gusto non ten desperdicio», a UE buscou cambiar a forma en que se producen, consomen e distribúen os alimentos en Europa. Na UDC a Oficina de Sustentabilidade (OdS) e a OCV uniron forzas para coordinar accións conxuntas para que fixesen conscientes os membros da comunidade universitaria da urxente necesidade de evitar o desperdicio alimentario e facer boa xestión dos residuos que producimos.

- **Dinámicas sobre reciclaxe**

Na Semana Europea da Prevención de Residuos, a OCV desenvolveu en varios centros de ambos campus, outras actividades participativas de sensibilización sobre a importancia de realizar unha correcta clasificación dos residuos que todos xeramos no noso día a día.



- **Actividade sobre a Marcha Mundial pola Paz e a non Violencia**



Colaboramos coa entidade Mundo sen Guerra e Sen Violencia A Coruña na celebración do inicio da campaña da III Marcha Mundial pola Paz e a Non Violencia, que tivo lugar o 3 de outubro de 2024. Lemos o manifesto desta marcha e figuramos o símbolo da paz nos campus de Ferrol e Elviña.

- **Actividades participativas da campaña «Axentes do cambio»**



Leváronse a cabo xogos e actividades en que o alumnado podía converterse en «axente do cambio», a colaborar como voluntario na sensibilización e a difusión dos ODS e da Axenda 2030 entre a comunidade universitaria, nos campus da Coruña e Ferrol.

ACTIVIDADES CON OUTRAS ENTIDADES DE ACCIÓN SOCIAL

Plataforma Coruñesa do Voluntariado (PCV)

Durante o ano 2024 a OCV tomou parte na asemblea extraordinaria e ordinaria da PCV, de cuxa xunta directiva forma parte. Así mesmo, adherímonos ás comisións de Comunicación e Igualdade de Xénero. Finalmente, cómpre notarmos que a OCV celebrou o Día Internacional do Voluntariado uníndose á campaña da PCV, xunto coas 17 entidades integrantes.

Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita fundación na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. Renovouse a sinatura do convenio de colaboración cara a finais de ano e os recipientes, situados en distintos edificios dos campus da Coruña, seguen enchéndose paseniño, de xeito que a súa doazón se converte pouco a pouco nun acto cotián.

Enxeñaría Sen Fronteiras

No ano 2024 púxose en marcha tamén no campus de Ferrol o Banco de Reciclaxe de Ordenadores, unha iniciativa que xa estaba a funcionar no campus da Coruña desde hai anos e que busca darlle unha segunda vida a equipos informáticos a reacondicionalos empregando software libre, para logo doalos a través de ONGD de carácter social. Nela participa tanto voluntariado de Enxeñaría Sen Fronteiras como da OCV. Ademais, impártense pequenos obradoiros de reparación.

Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)

Aproximación ao Conflito e Procesos de Construción de Paz en Palestina e o Sahel



A OCV e Asemblea de Cooperación pola Paz organizaron esta xornada, que se desenvolveu na Facultade de Ciencias da Educación, para ofrecer unha visión interdisciplinar e global sobre o conflito de Palestina, sen se centrar só nos acontecementos derivados da situación actual, senón tamén no contexto histórico e xeopolítico, para facer fincapé nas obrigas desatendidas da comunidade internacional para co pobo palestino no marco do dereito internacional humanitario e o dereito internacional dos dereitos humanos.

COLABORACIÓNS NO SEO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Centro Universitario para a Formación e a Innovación Educativa (CUFIE)

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co CUFIE na posta en marcha e a potenciación da metodoloxía da APS na UDC, así como no asesoramento e a formación do PDI nesta materia. Así mesmo, continuouse a traballar nos III Premios a Proxectos de APS.

Unidade de Análise e Xestión de Datos da UDC (UAXD)

Durante 2024 tivemos varias reunións de traballo coa UAXD da UDC para mellorar a recollida de información nos servizos universitarios no tocante aos ODS. Así, axudamos de xeito destacado a completar os datos da clasificación THE Impact, que mide a contribución da UDC para conseguilos.

Oficina de Sustentabilidade (OdS)

Neste ano colaboramos coa Oficina de Sustentabilidade (antiga OMA) en diferentes espazos, tales como o Comité Ambiental do Green Campus Ferrol.

Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)

No ano 2024, a OCV mantivo un contacto estreito e directo coa OIX para colaborar en diferentes actividades de sensibilización, difusión e formación, así como traballar activamente, de maneira conxunta, no deseño dun curso de formación para o alumnado de novo ingreso na UDC.

Green Campus Ferrol

A OCV segue a participar activamente nas reunións do Comité Ambiental do Green Campus Ferrol, que contribúe decisivamente a que a UDC se atope entre as 50 mellores universidades do mundo no Green Metric. En abril de 2024 tivo lugar en Lisboa o simposio internacional de Green Campus. Nel, dúas bolseiras da OdS presentaron o póster co título «10 anos de Green Campus na Universidade da Coruña: traballo en rede, autonomía dos centros e implicación da comunidade universitaria».

Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudantado (SAPE)

Colabórase con este servizo para intercambiar información e logo difundila nas respectivas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán. Así mesmo, participamos moi activamente na Xornada de Benvida ao estudantado que o SAPE organizou nos dous campus. O SAPE encárgase, ademais, de facer a oferta da bolsa para estudantado na oficina da OCV da Coruña.

UDC Saudable

A OCV pertence á Comisión Técnica da UDC Saudable, en que participa activamente con diferentes propostas sobre a elaboración de recursos ou a celebración do Día das Universidades Saudables, entre outras accións. En 2024, colaborou con actividades planificadas que achegaron contidos ao Outono Saudable e que tiveron lugar na Facultade de Filoloxía e Turismo e na Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.

Grupo Espallar

Continuamos co traballo no Grupo Espallar, con diversas actividades de sensibilización, e a colaborarmos coas facultades de Ciencias da Educación e Ciencias.

ONGD presentes na UDC

Na OCV temos un forte compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC: Enxeñaría Sen Fronteiras, Arquitectura Sen Fronteiras e Solidariedade Internacional Galicia, tal e como vimos en apartados anteriores. Traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a EpD, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral. Cabe mencionarmos a nosa colaboración coas ONGD no grupo Artigo9tech, de que falaremos algo máis polo miúdo máis adiante.

0

APRENDIZAXE E SERVIZO

4


A aprendizaxe e servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, onde as e os participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna, co fin de melloralas.

En suma, a aprendizaxe e servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outras persoas.

A OCV organizou, en colaboración co CUFIE, a **Xuntanza de Entidades e Profesorado. Novas Propostas de Aprendizaxe e Servizo na UDC** como acción dinamizadora na UDC da metodoloxía da APS, que é especialmente interesante para a formación en valores humanos e sociais dos futuros e das futuras profesionais que saen das nosas aulas, ao entraren en contacto cos realidade social.

Este encontro, en que participaron preto de 50 docentes e máis dunha ducia de entidades, tivo como obxectivos prioritarios, por unha banda, xerar conexións entre os dous axentes principais da APS, entidades e profesorado; e, pola outra, dar a coñecer as experiencias e necesidades das entidades.





FORMACIÓN

A formación é considerada como unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo. Amais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, como por exemplo o voluntariado con maiores ou os primeiros auxilios.

A seguir damos conta do conxunto das actividades formativas realizadas e do número de persoas participantes.

Módulo de Formación Básica en Voluntariado



Con este módulo pretendíase ofrecer unha visión obxectiva dos dereitos e deberes das persoas voluntarias, alén de sensibilizar sobre os principios éticos que cómpre respectar para acometer calquera actividade de voluntariado. A formación foi presencial e desenvolveuse no mes de marzo no Centro Universitario de Riazor.

Como marco de referencia tivéronse en conta a Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado, e a Lei 28/2011, do 28 de decembro, de acción voluntaria de Galicia. As sesións foron participativas, para xerar debate entre as e os asistentes. Nesta edición fíxose especial mención aos riscos de tipo emocional da acción voluntaria, que se traballaron co alumnado.


Curso de Formación de PCR

Esta formación diríxese en particular ao estudantado da UDC beneficiario das bolsas de PCR, aínda que tamén se abre a outros membros da comunidade universitaria. Aborda conceptos, principios básicos, ferramentas metodolóxicas e demais contidos relativos á cooperación e á educación para o desenvolvemento.

Curso de Formación Específica en Cooperación e EpD

Este curso está financiado con cargo ao Convenio coa Xunta de Galicia para o Desenvolvemento do I Plan Estratéxico da RGCUD e é o único curso destas características que se imparte na nosa comunidade autónoma. O público destinatario son profesionais, licenciados/as e estudantes que queiran coñecer o traballo en cooperación e educación para o desenvolvemento.

ASISTENTES A CURSOS DE FORMACIÓN NO ANO 2024



OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Ademais dos cursos de formación que programamos, en 2024 tamén deseñamos outras actividades co obxectivo de formar, informar e sensibilizar a comunidade universitaria e o resto da sociedade sobre cuestións de interese para a nosa misión na UDC. Doutro lado, o persoal da OCV tamén participou noutras actividades de interese.

- **Xornada de Benvida UDC 2024.** A devandita xornada realizouse de novo de xeito presencial, con grande éxito de asistencia nos campus da Coruña e Ferrol, onde puidemos constatar o interese do estudiantado polas propostas da OCV.

- **«Traballando en Rede!», xornada sobre voluntariado.** En 2024, o Concello de Ferrol convidounos a participar nunha nova edición das xornadas «Traballando en Rede!». Alí tivemos ocasión de presentar o labor que realiza a OCV tanto no ámbito do voluntariado como no da cooperación e a aprendizaxe e servizo.

- **V Xornada de Tecnoloxía para o Ben Común**

Concorremos un ano máis a esta xornada da rede interuniversitaria Artigo9tech cuxo fin é fomentar as iniciativas compartidas no ámbito da tecnoloxía (en sentido amplo, aínda que con particular incidencia nos campos da enxeñaría e a arquitectura) que pode aplicarse á cooperación para o desenvolvemento.

Nesta ocasión, contou coa presenza de máis de 30 asistentes entre responsables da cooperación para o desenvolvemento e de responsabilidade social, profesorado e persoal investigador das universidades galegas, amais de representantes das ONG colaboradoras.



- **Campaña Símbolos Humanos pola Paz e Non Violencia.**

A OCV mobilizou a comunidade universitaria para a creación dun símbolo da paz humana entre as facultades de Ciencias da Educación e Dereito, no campus de Elviña, dun lado; e, do outro, na praza da Facultade de Humanidades e Documentación, no campus de Esteiro.

Deste xeito, quixemos conmemorar o Día Internacional da Non Violencia e tamén afianzar o compromiso de todas as persoas en canto a usaren os seus coñecementos para exclusivo beneficio da humanidade.

10°
ANIVERSARIO

 RGCUD

7 Noviembre 2024
Salón de actos de ETS de Arquitectura
Campus Zapateira

Cabe salientar que neste 2024 celebramos o **10.º aniversario da RGCUD**. Festexamos unha década de traballo conxunto das tres universidades galegas en cooperación para o desenvolvemento e tamén en educación para o desenvolvemento o día 7 de novembro na ETS de Arquitectura.

[illegible]

Dentro desta rede de investigación, estamos a participar nun proxecto de Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia que leva por título «Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión desde escolas técnicas da universidade galega», financiado pola convocatoria de accións de EpD.

Rede Galega de Educacións en Prisión (REGAEP)

A OCV asinou en 2023 un compromiso de adhesión á REGAEP. Así mesmo, aceptou intervir na Comisión de Formación da devandita rede con vistas a organizar os eventos formativos do ano 2024. Así, no marco do traballo desta comisión organizáronse as xornadas «Accións Socioeducativas para a Saúde Mental no Ámbito Penitenciario».

Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES)

A OCV, a través da RGCUD, renovou a súa pertenza á REEDES e seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas desta rede académica, interdisciplinar, especializada na investigación e a docencia en materia de desenvolvemento e cooperación internacional.

SINERXÍAS CON OUTRAS UNIVERSIDADES

Universidade de Vigo (UVigo)

Unha vez retomado o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG no tocante á RGCUD para o bienio 2024/25, continuamos a traballar coordinadamente coa UVigo na posta en marcha e execución das actividades conxuntas que inclúe.

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Igual que no caso anterior, o traballo de coordinación coa USC en materia de cooperación universitaria para o desenvolvemento é un feito necesario.

Participación nos grupos de traballo da Conferencia de Reitores/as das Universidades Españolas

A OCV colabora activamente nas reunións e grupos de traballo da CRUE, en particular na Subcomisión de Traballo sobre Persoas Refuxiadas.

En 2024 participamos nas XXI Xornadas da CRUE Internacionalización e Cooperación, que tiveron lugar en Santiago de Compostela. En concreto, intervimos nun encontro organizado polas tres universidades galegas en se abordaron, entre outros temas, os desafíos actuais no ámbito da internacionalización da educación superior, o impacto académico das alianzas de universidades europeas ou a mobilidade inclusiva, así como as diversas facetas en que as universidades poden contribuír substancialmente á cooperación para o desenvolvemento.

Nestas xornadas houbo ocasión tamén de compartir boas prácticas e de avanzar no deseño de novas iniciativas que nos permitan ampliar o potencial de internacionalización e cooperación das nosas universidades, para adaptarnos ás necesidades deste mundo globalizado e en constante transformación en que nos tocou vivir.

De igual xeito, asistimos ás XXII Xornadas de CRUE de Internacionalización e Cooperación organizadas pola Universidade CEU San Pablo, onde nos incorporamos aos grupos de refuxio e de voluntariado. Como resultado, adquirimos o compromiso de participar nun proxecto de acollida de estudantes refuxiados/as que se porá en marcha no nivel nacional.

COMUNICACIÓN

Seguimos a actualizar diariamente —e a mellorar— os contidos publicados na nosa páxina web e as redes sociais en que tivemos perfil: Facebook, Instagram, X, YouTube e Mailchimp.

Páxina web propia

É unha das principais vías de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, desde a nosa páxina web pódese facer a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso.

Outra das vías de comunicación co resto da comunidade universitaria e coa sociedade da OCV, que se usa cando cómpre darlle proxección á nova, é a páxina web principal da UDC: <www.udc.gal>.

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONGD que manexamos, ou dos grupos de correo de persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias relacionados coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Por tanto, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD)

Desde que botou a andar a web da RGCUD, converteuse nun recurso máis para lles dar publicidade ás actividades da OCV en materia de cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que recolle ademais o Observatorio da Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (OCUD) da CRUE. Ao publicar as nosas novas, amplían enormemente a difusión do noso traballo.

Redes sociais

A OCV mantivo perfís activos nas seguintes redes sociais: Facebook, con preto de 1550 persoas seareiras; Instagram, con 1156; YouTube, con 30 subscritoras, e X, con case 100 seareiras. A finais de ano, e vendo o cariz que tomou a dirección de X, pechamos a conta, como tamén o fixo a UDC.

Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios nos dous espazos físicos das oficinas da Coruña e Ferrol. Neles difunde as súas actividades por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto dos centros dos respectivos campus.

Mapa de recursos universitarios para persoas refuxiadas

A OCV elaborou un mapa en que se localizan as universidades españolas que teñen bolsas ou axudas económicas para facilitar a integración de persoas refuxiadas na educación superior. Pódese consultar no seguinte enderezo web: <emapic.es/custom/ocv-acciones-refugio/results>.

Xuntanzas periódicas

O persoal técnico da OCV reúnese de xeito puntual con quen coordina os distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer como se están a desenvolver e poder facer os axustes pertinentes, no caso de seren necesarios. Tamén visita adoito as entidades coas cales realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou ben recibe a quen as representa en calquera das oficinas de que dispón nos campus da Coruña e Ferrol.

De igual xeito, o persoal técnico e a dirección da OCV reúnense diariamente de forma virtual para facer o seguimento do traballo.

Medios de comunicación

Ás veces as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, sobre todo na prensa escrita, mais tamén de maneira esporádica en televisións locais e radios. Isto supón un importante pulo para dar a coñecer as nosas propostas. Cando a importancia da actividade ou o evento así o require, enviamos notas de prensa para a súa difusión masiva por medio da web principal da UDC e os medios de comunicación. Tamén para o Campus Industrial de Ferrol.

Tipografías empregadas

Calibri Light, tamaño 10, 12 e 37

Calibri Bold, tamaño 16 e 18

Futura Lt Bt, tamaño 16 e 60

Cores principais empregadas

Vermello: RGB 231, 48, 43 | HEX #ea5340

Azul/turquesa: RGB 97, 182, 175 | HEX #61b6af

Gris: RGB 87, 87, 87 | HEX #575756

Gris: RGB 178, 178, 178 | HEX #b2b2b2